



## PROGRAMA MENIÑEIRO SEMANA SANTA 2026

O departamento de Servizos Sociais do Concello de Cabana de Bergantiños organiza o Programa Meniñeiro Semana Santa co obxectivo de fomentar a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares mediante a realización de actividades educativas e lúdicas, dirixidas ás/ós nenas/os, durante os períodos vacacionais.

### 1. DESTINATARIAS/OS

Menores escolarizadas/os en educación infantil e primaria (nadas/os entre o 01/01/2014 e o 31/12/2022) que estean empadroadas/os no Concello de Cabana de Bergantiños.

De quedar prazas vacantes, terán preferencia na adxudicación das mesmas pola seguinte orde:

1º- As/os menores que desfruten das vacacións escolares con familiares empadroados no concello de Cabana de Bergantiños e así o acrediten.

2º.- As/os fillas/os de persoas que estando empadroadas noutro concello, teñan os seus postos de traballo no termo municipal do concello de Cabana de Bergantiños e así o acrediten.

3º.- As/os menores doutros concellos non comprendidos nos apartados anteriores, atendendo a orde de inscrición.

### 2. TEMPORALIZACIÓN E LUGAR DE CELEBRACIÓN

**Días:** 30 e 31 de marzo e 1 de abril de 2026.

**Horario:** de 10:00 a 14:00 horas.

**Lugar:** Casa da Cultura.

### 3. INSCRICIÓNS E DOCUMENTACIÓN

INSCRICIÓN ONLINE: <https://cabana.gal/inscripcionactividades2026/>

Presencial: para aquelas persoas que teñan calquera tipo de dificultade, de 9:00 a 14:00 horas, nas dependencias do Concello de Cabana de Bergantiños.

O prazo para presentar as solicitudes será dende as 9:00 h. do 9 de marzo ata as 14:00 h. do 13 de marzo.

A comprobación do empadramento no concello de Cabana de Bergantiños farase de oficio polos servizos municipais.

De ser o caso, é preciso acreditar o lugar de traballo no termo municipal do concello de Cabana de Bergantiños.

A admisión das/os menores no programa farase, cumpridos os requisitos de idade e preferencia, por rigoroso orde de inscrición ata cubrir as prazas dispoñibles.



A confirmación da praza comunicarase por correo electrónico.

A concesión da praza implica a asistencia a actividade polo que as faltas non xustificadas e reiteradas significarán a perda da mesma.

A actividade só se realizará de cubrirse o 50% das prazas ofrecidas para cada quenda.

## 4. NORMAS DE FUNCIONAMENTO E OBSERVACIÓNS

Deberase comunicar á persoa responsable do programa os cambios que poidan figurar nos datos da súa ficha de inscrición.

Prégase puntualidade na entrega e recollida das/os menores.

As/os participantes deben acudir as actividades con roupa cómoda e calzado, preferentemente, deportivo.

As/os nenas/os deben levar tódolos días unha mochila, marcada co seu nome, cunha botella de auga, un paquete de panos de papel e unha pequena merenda para tomar a media mañá.

Non están permitidos os aparellos electrónicos, videoxogos, móbiles...

As/os nais/pais ou titoras/es deben ter o teléfono operativo (número de España) durante o horario do programa Meniñeiro Nadal (de 10:00 a 14:00 horas).

As/os menores non acudirán as actividades no caso de ter febre, diarrea, vómitos ou enfermidades ou procesos infecto contaxiosos.

As baixas no programa deben ser comunicadas á educadora familiar.

A formalización da inscrición implica a aceptación explícita das normas que rexen esta actividade e os cambios que poidan xurdir por razóns técnicas ou organizativas debidamente xustificadas.

Cabana de Bergantiños

O alcalde, José Muíño Domínguez

Documento asinado dixitalmente